

REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO DO DEPARTAMENTO DE HISTORIA

TÍTULO PRELIMINAR

Artigo 1.

1. O Departamento de Historia é a unidade básica encargada da programación e do desenvolvemento do ensino e do apoio á investigación nas áreas de coñecemento de Arqueoloxía, Biblioteconomía e Documentación, Ciencias e Técnicas Historiográficas, Historia Antiga, Historia Contemporánea, Historia de América, Historia Medieval, Historia Moderna e Prehistoria.

2. O Departamento de Historia agrupa todos os docentes e investigadores, e investigadores en formación, de acordo co establecido no artigo 48.2 dos Estatutos da USC, pertencentes ás áreas de coñecemento mencionadas no punto anterior.

3. O Departamento de Historia adscíbese á Facultade de Xeografía e Historia, na que estará a súa sede. Desenvolve as súas funcións docentes e investigadoras en todos os Centros con planos de estudos que conteñan materias adscritas a algunha das áreas de coñecemento nel integradas.

Artigo 2.

1. O Departamento de Historia rexerese pola lexislación estatal e autonómica de aplicación, e máis polo disposto nos Estatutos da USC e no presente Regulamento.

2. Todo o persoal docente ou investigador vinculado ao Departamento de Historia estará suxeito ao presente Regulamento.

TÍTULO I. DAS FUNCIÓNS DO DEPARTAMENTO

Artigo 3.

Son funcións do Departamento, segundo o art. 49 dos Estatutos da USC:

a) A programación, desenvolvemento e seguimento de:

- As ensinanzas das materias asignadas ás áreas de coñecemento integradas no mesmo, de acordo coas previsións dos plans de estudos, así como cos criterios xerais emanados da Universidade e cos criterios específicos establecidos polos centros nos que se imparta a docencia.

- Os estudos de doutoramento adscritos ao Departamento.
- Os cursos de posgraao propio, de especialización e de formación continua.
- b) O apoio ás iniciativas e actividades docentes e investigadoras do seu persoal docente e investigador, individualmente ou formando parte de grupos de investigación.
- c) O rexistro actualizado da produción científica e da actividade investigadora do Departamento.
- d) A formación do persoal docente e investigador.
- e) A iniciativa ou, no seu defecto, informe previo, para a creación, mantemento, minoración ou cambio de denominación de prazas de persoal docente e investigador, funcionario ou contratado, así como, de ser o caso, a proposta dos membros da comisión encargada de resolver os concursos.
- f) Calquera outra actividade encamiñada ao axeitado desenvolvemento da actividade docente e investigadora que non corresponda a outros órganos.

TÍTULO II. DO GOBERNO DO DEPARTAMENTO

Artigo 4.

Son órganos de dirección do Departamento:

- a) O Consello de Departamento
- b) O director ou directora
- c) O secretario ou secretaria

Capítulo 1. Do Consello de Departamento

Artigo 5.

1. O Consello de Departamento estará composto por:

- a) Os doutores membros do Departamento.
- b) Unha representación do resto do persoal docente e investigador e persoal investigador en formación, que non excederá do 10% do total de membros.

c) Unha representación do estudiantado do ámbito de docencia do Departamento, que suporá o 25 por cento do total dos membros do Consello de Departamento. Desta porcentaxe, o 10 por cento corresponderalle ao estudiantado de grao e máster e o 15 por cento ao estudiantado de doutoramento.

d) Un representante do persoal de administración e servizos.

2. Todos os representantes elixidos serano por dous anos, agás os estudantes, que o serán por un ano. A condición de membro do Consello perderase ao cesar a vinculación co Departamento, ou ao deixar de cumprir os requisitos demandados ao sector polo que se foi elixido.

3. Se algún dos representantes elixidos perdese a súa condición ou renunciase ao seu posto, ata a finalización do período correspondente sería substituído polo seguinte candidato máis votado no seu sector ata a celebración dunha nova elección.

4. Se a natureza do asunto o require, e a iniciativa propia, a pedimento dos interesados ou dun 10 por cento dos membros do Consello, a dirección poderá convidar a persoas que non pertencen ao Consello, cando poidan resultar afectadas por decisións a adoptar polo Consello ou se considere a súa opinión de relevancia e interese. Dita asistencia, con voz e sen voto, limitarase ao tratamento do punto ou puntos para os que fosen convidadas.

Artigo 6.

Son funcións do Consello de Departamento:

a) A elección do director ou directora e, de ser o caso, a proposta ao reitor da súa remoción mediante unha moción de censura construtiva que deberá ser aprobada pola maioría absoluta dos membros do Consello.

b) A elaboración e aprobación do seu regulamento de réxime interno, de acordo coa lexislación vixente, cos Estatutos da USC e coas normas que os desenvolvan.

c) A creación de comisións delegadas do Consello para o mellor desenvolvemento das súas funcións.

d) A planificación docente das materias das que sexa responsable o Departamento, así como a aprobación dos respectivos programas e sistemas de avaliación, a coordinación da actividade docente e a supervisión do seu cumprimento en colaboración cos centros, nos termos establecidos nos Estatutos da USC.

e) A promoción do perfeccionamento da docencia.

- f) A formulación das demandas de persoal docente e investigador, de acordo coas necesidades docentes dos centros, dos seus programas de investigación e de doutoramento e a información sobre a procedencia do mantemento, minoración ou cambio de denominación ou categoría dunha praza.
- g) A solicitude de convocatoria a concurso das prazas de corpos universitarios e persoal docente contratado, así como as propostas de membros das comisións correspondentes, consonte a lexislación vixente e os Estatutos da USC.
- h) A emisión dos informes preceptivos sobre a actividade docente e investigadora do seu profesorado e persoal investigador ou sobre o rendemento académico do seu estudiantado.
- i) O apoio á actividade investigadora, nos termos establecidos nos Estatutos da USC.
- j) O impulso e apoio a actividades de difusión e transferencia de coñecemento.
- k) A distribución das cantidades económicas asignadas e dispoñibles polo Departamento.
- l) Calquera outra competencia que lle atribúan os Estatutos da USC ou a lexislación vixente.

Artigo 7.

1. O Consello de Departamento reunirse con carácter ordinario por iniciativa da dirección. Celebrará, polo menos, unha sesión ordinaria por trimestre durante o curso académico en período lectivo. Igualmente poderá reunirse con carácter extraordinario por iniciativa da dirección ou por pedimento escrito de polo menos un terzo dos seus membros. Neste último caso, os solicitantes deben facer constar a redacción precisa do punto ou puntos que se desexen incluír na orde do día.
2. As sesións do Consello de Departamento serán convocadas con polo menos 3 días de antelación, no caso das reunións ordinarias, e 2 días no das extraordinarias. Cando se trate de convocatorias do Consello a pedimento dun terzo dos seus membros, a sesión celebrarase nos dez días lectivos seguintes a dito pedimento.
3. As convocatorias do Consello coa orde do día remitiranse, por vía electrónica, aos enderezos de correo habilitados pola USC de todos os membros. Cando se trate dunha sesión ordinaria, incluírase como anexo o/s borrador/es da/s acta/s de sesión/s pendente/s de aprobación.

4. Os dous primeiros puntos da orde do día das sesións ordinarias do Consello de Departamento dedicaranse á aprobación, se procede, da acta ou actas de sesións anteriores e ao informe do director. Os últimos puntos tratarán os asuntos urxentes e de trámite e unha rolda aberta de intervencións.

5. Tanto nas sesións ordinarias como extraordinarias figurarán tamén como puntos da orde do día aqueles que fosen solicitados por un mínimo de cinco membros do Consello, ou dunha ou varias áreas de coñecemento, sempre que a solicitude fose realizada con anterioridade á remisión da convocatoria. En caso contrario, figurarán na orde do día do seguinte consello.

6. A constitución válida do Consello de Departamento en sesión ordinaria esixirá, en primeira convocatoria, a presenza da metade máis un dos seus membros. De non acadarse dita proporción, deberá consituírse trinta minutos despois, en segunda convocatoria. Nos dous casos, así como para a celebración de sesións extraordinarias, debe contarse coa presenza do director e do secretario ou persoas que legalmente os substitúan.

Artigo 8

1. O Consello de Departamento adoptará os seus acordos por un dos procedementos seguintes:

a) Por asentimento, cando a proposta enunciada pola persoa que presida a sesión non encontre oposición ou reparo en ningún dos presentes.

b) Por maioría simple dos membros presentes.

c) Por maioría que represente polo menos o voto favorable dun terzo dos membros do Consello, cando se trate da aprobación do Regulamento de réxime interno, planos de estudo ou planos estratéxicos.

2. As votacións serán públicas, agás cando afecten especificamente a persoas ou cando a votación secreta sexa solicitada por un mínimo de tres membros presentes na sesión.

3. En caso de empate poderá facer uso da palabra un dos promotores de cada proposta, celebrándose posteriormente unha nova votación. De persistir o empate, decidirá o voto de calidade de quen ocupase a presidencia.

4. O voto é persoal, indelegable e presencial, non admitíndose votos anticipados, por correo ou electrónicos.

5. Calquera membro do Consello pode manifestar a súa discrepancia cun acordo maioritario mediante voto particular que, presentado por escrito nun prazo de dous días, será engadido ao texto acordado.

Capítulo 2. Do director ou directora e secretario ou secretaria

Artigo 9

Director e secretario constitúen os órganos unipersoais de dirección do Departamento.

Artigo 10

O director representa o Departamento, exerce a súa dirección e xestión ordinaria, preside a actuación dos seus órganos colexiados e executa os seus acordos.

Artigo 11

O director será elixido polo Consello de Departamento e nomeado polo reitor, conforme ao disposto nos Estatutos da USC e na súa normativa electoral xeral.

Artigo 12

O director cesará no seu cargo por algunha das seguintes causas:

- a) Finalización do seu período de mandato.
- b) Dimisión.
- c) Moción de censura construtiva, conforme ao establecido no Regulamento Electoral Xeral da USC.

Artigo 13

1. Son competencias do director:

- a) A convocatoria e presidencia dos consellos de Departamento.
- b) A execución dos acordos adoptados e a vixilancia do seu cumprimento.
- c) A organización e coordinación, de acordo co Consello de Departamento, dos medios materiais e persoais dos que se dispoña para cumprir os obxectivos de investigación e docencia.
- d) A execución das partidas orzamentarias.
- e) A proposta ao reitor do nomeamento de secretario do Departamento.

2. As competencias da dirección do Departamento esténdense a todos os asuntos relacionados co goberno e administración do Departamento que non estean atribuídos a outros órganos.

Artigo 14

O secretario do Departamento será nomeado polo reitor, tras a proposta do director, e cesará por decisión do reitor tras petición propia ou proposta da dirección do Departamento.

Artigo 15

Son funcións do secretario do Departamento:

- a) Convocar, seguindo instrucións do director, os órganos colexiados do Departamento.
- b) Dar fe dos actos e acordos dos órganos de goberno, representación e administración do Departamento.
- c) Redactar e custodiar as actas das reunións dos órganos colexiados do Departamento, garantindo que estean a disposición de todos os membros do Departamento.
- d) Expedir as certificacións dos acordos e de todos os actos que consten nos documentos oficiais do Departamento.
- e) Outras funcións que lle encomenden o director, a lexislación vixente e os Estatutos da USC.

TÍTULO III. DAS COMISIONS DELEGADAS DO CONSELLO DE DEPARTAMENTO

Capítulo I. Da Comisión Permanente

Artigo 16

A Comisión Permanente estará composta polos seguintes membros do Consello de Departamento:

- a) O director do Departamento, que a presidirá.
- b) O secretario do Departamento, que levantará acta das súas reunións.
- c) Un representante de cada unha das áreas de coñecemento adscritas ao Departamento.
- d) Dous estudantes, elixidos por e entre os representantes deste colectivo no Consello de Departamento.

Artigo 17

Son competencias da Comisión Permanente:

- a) Coñecer e decidir sobre asuntos de trámite.
- b) Coñecer e decidir sobre asuntos urxentes que non teñan que ser necesariamente aprobados polo pleno do Consello.
- c) Coñecer e decidir sobre asuntos que, sendo competencia do Consello de Departamento, lle fosen delegados por acordo do mesmo.
- d) Coñecer en primeira instancia e informar sobre cuestións que teñan que ser decididas polo Consello de Departamento.
- e) Asesorar o director nos asuntos que lle encomende en exercicio das súas funcións.

Artigo 18

A Comisión Permanente será convocada cun mínimo de 2 días de antelación, en convocatoria única e a iniciativa do director ou por pedimento dun terzo dos seus membros. En todos os demais aspectos, as normas de funcionamento estarán ao disposto neste regulamento para o Consello de Departamento.

Capítulo 2. De outras comisións delegadas

Artigo 19

O Consello de Departamento, mediante o proceso de reforma previsto no artigo 25 do presente Regulamento, poderá decidir a creación e supresión de comisións delegadas para o tratamento e informe de asuntos específicos.

Artigo 20

A composición de cada comisión delegada atenderá á representatividade das distintas áreas de coñecemento e sectores afectados polos asuntos a abordar.

TÍTULO IV. DAS ÁREAS DE COÑECIMENTO

Artigo 21

Na organización e funcionamento do Departamento, as áreas de coñecemento son as estruturas básicas ás que se adscribe todo o persoal docente e investigador.

Artigo 22

1. Son competencias de cada área de coñecemento:

- a) A elección dun coordinador ou coordinadora que exerza a súa representación na Comisión Permanente do Departamento.
- b) Propoñer a inclusión dun ou varios puntos da orde do día nas sesións dos órganos colexiados do Departamento, nos termos establecidos no artigo 7.5 do presente Regulamento.

2. Son funcións de cada área de coñecemento:

- a) Propoñer ao Consello de Departamento a distribución entre o profesorado da carga docente das materias que lle sexan adscritas.
- b) Propoñer ao Consello de Departamento a solicitude de prazas de persoal docente e, no seu caso, a composición das comisións correspondentes.
- c) Dar resposta ás cuestións que lles sexan consultadas polos órganos de dirección do Departamento.

3. As áreas de coñecemento poderán estudar e propoñer, para o seu tratamento nos órganos colexiados do Departamento, as iniciativas que sexan do seu interese nos ámbitos da docencia e da investigación.

Artigo 23

1. O coordinador de área será nomeado mediante elección directa entre os seus membros que o sexan tamén do Consello de Departamento.

2. O coordinador de área cesará nas súas funcións:

- a) Cando conclúa o período de mandato da dirección do Departamento.
- b) A petición propia, mediante renuncia dirixida por escrito ao director do Departamento.
- c) Cando a maioría absoluta dos membros da área decida a súa substitución, en reunión convocada ao efecto por iniciativa de polo menos un terzo dos seus membros.

Artigo 24

Son funcións do coordinador de área:

- a) Convocar e reunir os membros da área de coñecemento para que se poidan cumprir as funcións descritas nos artigos 21 e 22 do presente Regulamento.

- b) Representar a área na Comisión Permanente do Departamento.
- c) Transmitir aos membros da súa área as consultas e decisións dos órganos de dirección do Departamento que poidan resultar de interese.
- d) Transmitir aos órganos de dirección do Departamento as iniciativas, solicitudes ou propostas da súa área.

TÍTULO V. DA REFORMA DO REGULAMENTO

Artigo 25

1. A reforma do Regulamento de réxime interno do Departamento poderá ser promovida polo director ou por un terzo dos seus membros, e presentarse mediante escrito que inclúa unha fundamentación razoada, o artigo ou artigos que se pretenden modificar ou incorporar, os textos alternativos propostos e a sinatura de todos os propoñentes.
2. Formulada a proposta de reforma, darase a coñecer a todos os membros do Consello de Departamento, que disporán dun prazo mínimo de dez días lectivos para o seu coñecemento e estudo.
3. A proposta de reforma deberá ser aprobada por maioría en sesión do Consello de Departamento, contando polo menos co voto favorable dun terzo dos membros do mesmo, sendo posteriormente remitida ao Consello de Goberno para a súa ratificación e aprobación definitiva.

DISPOSICIÓN FINAL

O presente Regulamento entrará en vigor, tras a ratificación polo Consello de Goberno, coa súa publicación na sede electrónica da Universidade de Santiago de Compostela.

